

II Curso de Bioinformática Estructural: Modelización y Simulación de Moléculas

Biológicas

- Actualizado ()

Rede Galega de Bioinformática anuncia a celebración do "II Curso de Bioinformática Estructural: Modelización y Simulación de Moléculas Biológicas", que terá lugar en Santiago de Compostela (aula de informática, Facultade de Dereito, Campus Sur) entre o 30 de novembro e o 3 de decembro de 2009. A data límite para a preinscrición é o 8 de novembro.

A duración total do curso é de 30 horas, que poderán ser recoñecidas como 3 créditos ao tratarse dun Curso de Formación Continuada da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

A nosa proposta consiste en dar unha introdución xeral das aproximacións bioinformáticas e metodoloxías computacionais de uso común no area da bioloxía estrutural e o deseño molecular. En concreto, abordaremos os seguintes tópicos:

- I) Introducción á Bioinformática Estructural, e ao seu ámbito computacional de traballo.
- II) Xeración de modelos computacionais de proteínas: modelización por homoloxía.
- III) Estudos de asociación molecular: técnicas de docking e predición computacional de afinidades.
- IV) Simulación computacional de macromoléculas biolóxicas: dinámica molecular.

A introdución teórica a cada unha destas técnicas será ilustrada con exemplos prácticos en sesións de ordenador sobre casos seleccionados, presentando os métodos máis populares en bioinformática estrutural e deseño de medicamentos asistido por ordenador.

Encontrades unha descrición do curso máis detallada no tríptico adxunto, así como do procedemento de preinscrición e matrícula. Para máis información, visitade a páxina web do curso (http://rgb.cesga.es/index.php/curso_2009/curso-de-bioinformatica-estructural-2009.html), ou poñédevos en contacto a través da dirección de correo electrónico cpfc.bioestructural@gmail.com.

Os directores do curso,

Anxo Piñeiro Guillén (USC) / Hugo Gutiérrez de Terán (FPGMX)

RESUMO

Curso en Bioinformática Estructural: Modelización e Simulación de Moléculas Biológicas
Curso Teórico-práctico de Formación Continuada - USC de 3 créditos (30 horas)
30 novembro -3 decembro. Aula Nova, Facultade de Dereito - USC
Santiago de Compostela

DATOS IMPORTANTES!!

Prazas dispoñibles: 35 alumnos
Data límite preinscrición: 8 de novembro
Matrícula: 19-23 novembro

PROFESORADO

Xavier Daura, UAB (Barcelona)
Francisco Diéguez, OSL-USC (Santiago de Compostela)
Hugo Gutiérrez de Terán, FPGMX (Santiago de Compostela)
Baldomero Oliva, UPF (Barcelona)
Ángel Piñeiro, USC (Santiago de Compostela)
David Rodríguez, FPGMX (Santiago de Compostela)
Jordi Rodrigo, UPSud (París, Francia)

ORGANIZAN

Rede Galega de Bioinformática
Universidade de Santiago de Compostela
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (SERGAS)
Universidade da Coruña